

Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO QUE SE INDICA POR PROCEDEMENTO ABERTO:

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMIA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXO

CLÁUSULA 1. Obxecto do contrato e delimitación

1.1.- O obxecto do presente Prego (en diante, PCAP) é establecer as cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación do servizo de AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMIA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA, NO CONCELLO DE RIANXO (**epígrafe 0.1.** do Anexo I deste prego).

Ademais deste PCAP terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas (PPT)
- Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Rianxo (BOP Nº224, do 19/10/2009 e modificacións)
- O documento en que se formalice o contrato xunto coa oferta do licitador.

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2.- Xustificación da necesidade: Mediante a execución do contrato a que se refire este prego satisfáese a necesidade de prestar axuda no fogar do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia que require o Concello de Rianxo e que non pode ser atendido ante a falla de medios persoais no Departamento de Servizos Sociais, resultando antieconómico a prestación do servizo directamente por persoal propio do concello, amén das continuas seleccións, contratacións e baixas segundo as necesidades que se puideran presentar.

1.3.-Cualificación xurídica. O contrato cualifícase como CONTRATO ADMINISTRATIVO de SERVIZO, ao abeiro dos artigos 5, 10 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP)

Figura no Anexo II do TRLCSP (modificado polo RD.817/2009, de 08 de maio) en relación co disposto no artigo 10 do TRLCSP incluído na categoría nº 25 (Servizos Sociais e da Saúde).

1.4.- Para os efectos deste prego e do TRLCSP, están suxeitos a **regulación harmonizada** os contratos de servizos das categorías 1 a 16 do anexo II cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 16.1 do TRLCSP. Neste sentido, respecto desta licitación, resáltase en negrilla no **epígrafe 1** do cadro de características a súa suxeición ou non.

1.5. Este contrato correspóndese cos códigos que figuran no **epígrafe 0.2.** do cadro de características do contrato (ANEXO I)

CLÁUSULA 2. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e como tal regularase, ademais de polo presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e polo Prego de Prescricións Técnicas (PPT), polo establecido na lexislación de contratos das Administracións Públicas (Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Publico, coas normas complementarias) e se é o caso na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia(art. 317 a 328 Lei 5/97, de Administración Local de Galicia), nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución Española; así como nas demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento Xeral de



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 outubro, ou o RD. 817/2009, modificado polo RD.300/2011. Subsidiariamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Asemade aténdese ao artigo 70 da Resolución de 25 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Emprego pola que se rexistra e publica o VI Convenio Colectivo marco estatal de servizos de atención ás personas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal.

CLÁUSULA 3. Protección de datos

O adxudicatario adecuará as súas actuacións á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e ao Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei, así como ao resto da normativa concordante na materia, na realización dos traballos contratados. Asemade terá en conta o regulamento municipal aprobado para o efecto e o sinalado no Rd. Legislativo 3/2011, especialmente na disposición adicional vixésima sexta.

O contratista respectará o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle tivera dado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información.

CLÁUSULA 4. Prazo de execución do contrato, prórroga e reaxuste de anualidades

4.1. O prazo máximo de execución do contrato será o determinado no **epígrafe 4.1.** do cadro de características- Anexo I, o cómputo comezará o día seguinte á sinatura do contrato.

4.2. O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente. De ser posible a prórroga será polo prazo máximo establecido no **epígrafe 4.2.** do mencionado anexo I.

4.3. O reaxuste de anualidades non se prevé pola inaplicación a este servizo.-

CLÁUSULA 5. Orzamento do contrato

6.1. O orzamento máximo do contrato, ascende á contía total especificada no **epígrafe 2** do cadro de características do contrato do (ANEXO I) IVE engadido, que se desagrega tal e como aparece en dito epígrafe.

Os prezos unitarios do contrato son os seguintes:

- Para prestación de servizos en día normal: 10,80 €/h (IVE excluído)
- Para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local: 13,50 €/h(IVE excluído)

5.2. Na licitación destes servizos entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido (IVE), sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 TRLCSP e modelo de oferta económica que se recolle neste prego.

Así mesmo, considerase que os licitadores incluíron na proposta tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas concertadas como son: os gastos financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, honorarios do persoal ao seu cargo que realicen os traballos, taxas e demais tributos. Tampouco serán obxecto de facturación os custos de labor administrativa que a xestión ou funcionamento da empresa podan requirir.



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral

CLÁUSULA 6. Financiamento do contrato

6.1. O contrato financíase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada no **epígrafe 3** do cadro de características do contrato. De concorrer financiamento especificarase nese epígrafe, indicando a porcentaxe de cada ente financeiro.

6.2. Para atender as obrigas económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato deberá de existir crédito suficiente no exercicio orzamentario de licitación e, de afectar a varias anualidades, compromiso da súa previsión nos exercicios orzamentarios aos que se estenda o contrato, con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

En consecuencia, de conformidade co disposto nos artigos 34 TRLCSP, 174.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 79 do R.D. 500/90, a adxudicación quedará suxeita á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

6.3. No suposto de reaxuste de anualidades estarase ó disposto na cláusula 4.3 deste Prego.

CLÁUSULA 7. Revisión de Prezos

A procedencia da revisión determinase no **epígrafe 11** do cadro de características do contrato, así como no seu caso a fórmula de revisión aplicable (en cuxo caso atenderase ao estipulado no artigo 87.3º e capítulo II do Título III)

Neste caso: Atendendo á natureza do contrato procede a revisión de prezos e fíxase como sistema de revisión de prezos a revisión do prezo nun 85 % de variación do IPC por anos naturais a partir do ano seguinte ao data da sinatura do contrato.

CLÁUSULA 8. Capacidade para contratar

8.1. Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica-financieira e técnica ou profesional (ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte)-

8.2. As empresas deberán ser persoas xurídicas cunha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais ou escritura de constitución.

No caso das persoas físicas deberán contar coa acreditación profesional segundo a que estea habilitado para executar o obxecto da licitación ou contar con persoal habilitado para ilo con quen manteña relación de asalariados do ramo técnico, ou documentación bastante nese sentido, sen prexuízo de que o concello poida solicitar as aclaracións que precise.

Todo elo inscrito nos rexistros oficiais cando este requisito fora esixible segundo a normativa reguladora.

8.3. Poderá contratarse con unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, de acordo co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

8.4. Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou representados por persoa autorizada mediante poder bastante, sempre que non se atope incurso nalgunha das causas que se enumeran no



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



artigo 60 TRLCSP. Cando en representación dalgunha sociedade, civil ou mercantil, concorra algún membro dela deberá xustificar documentalmente que está facultado para tal fin.

CLÁUSULA 9. Clasificación do contratista e solvencia

9.1. Para contratar coa Administración a prestación dun servizo de orzamento superior á cantidade establecida no artigo 65 do TRLCSP e demais artigos concordantes (isto é, 120.000,00€ se ben a disposición transitoria 4ª do TRLCSP remite ao 25.1. do TRLCAP), será requisito indispensable que o contratista obtivera previamente a correspondente clasificación, segundo resulte da documentación técnica obrante no expediente. Están exonerados os contratos de servizos das categorías 6,8,21,26, e 27 do Anexo II.-

9.2. Para tal fin aportará coa documentación (sobre A) unha declaración responsable de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen, en defecto de certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio competente ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, así como do Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial de A Coruña.

As empresas que se atopen pendentes de obter a clasificación, deberán aportar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para elo, debendo xustificar que obtivo a clasificación esixida no prazo previsto para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

A falla ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, o cal efectuará mediante a presentación dos documentos que se indican na cláusula 12.1.

A clasificación será esixible igualmente ao cesionario do contrato se a precisaba o cedente.

9.3. De non precisarse clasificación, os licitadores amosaran a súa solvencia conforme se dispón na cláusula 12.1.F

9.4. Tanto respecto da necesidade de clasificación ou non, como no primeiro caso a clasificación concreta, indicárase no **epígrafe 5** do cadro de características do contrato.

9.5. A falla de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica no momento da presentación das proposicións, cando se trate de ausencia de documentos será NON EMENDABLE, agás que acredite no "sobre A" ter presentado solicitude de clasificación e que no prazo de emenda achegue a clasificación esixida.

Isto con independencia que se podan solicitar aclaracións ou especificar o contido dalgún documento xa aportado, ou falte parte da documentación que apareza referenciada noutro documento que é dos esixidos para acreditar a dita solvencia.

NESTE CONTRATO: Para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión de clasificación algunha, de conformidade co sinalado na disposición transitoria 5ª da LCSP, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica ou financeira e técnica ou profesional.

Esto é así, en pro de garantir a máxima concorrência posto que a clasificación deste tipo de contratos sociais non esta prevista de xeito específico no Regulamento Xeral da Lei de Contratos, e existen Acordos que entenden que debido a dito motivo, non procede esixila (acordo da Comisión Permanente da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Baleares, en Informe 3/09, de data 30 de outubro de 2009).

CLÁUSULA 10. Procedemento, forma de adxudicación e tramitación



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



10.1. Se o valor estimado da contratación non rebasa a contía de 100.000,00€, o contrato pode adjudicarse por procedemento negociado como prevé o artigo 174.e.TRLCSP. Ademais, de non superar os 60.000€ aplicaríase o procedemento negociado sen publicidade (art. 177.2 TRLCSP)

Neste caso adjudicarase por **PROCEDIMENTO ABERTO** (ao ser o seu valor estimado superior a 100.000,00€). En consecuencia unha vez aprobado o procedemento, pregos, gastos e demais aspectos deberá ser obxecto de publicación no Perfil do contratante e no BOP e DOG para o seu coñecemento e presentación de ofertas polos licitadores interesados no prazo outorgado.

10.2. O órgano de contratación adjudicará o contrato ao licitador que, unha vez valoradas as propostas, presentou a **oferta económica máis vantaxosa**, tendo en conta o/os criterio/s de adjudicación previstos neste prego. En consecuencia, a forma de adjudicación será: POXA se se atende só ao criterio económico, e CONCURSO se existen varios criterios.

Neste caso será POXA.

10.3. A tramitación deste expediente de licitación será **ORDINARIA**, a non ser que o órgano de contratación acordase seguir o trámite de urxencia, para o que atenderase aos artigos 112 e 144 do TRLCSP.

10.4. O **prazo máximo para a adjudicación do contrato** será de 15 días dende a apertura de proposicións de seleccionarse en base a un só criterio, e 3 meses caso de atenderse a unha pluralidade de criterios. De non ter lugar a adjudicación neses prazos, os licitadores poderán retirar a súa proposición (artigo 161 TRLCSP)

CLÁUSULA 11. Presentación de Proposicións

11.1.- Lugar e prazo. As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos **epígrafes 6 e 7** do cadro de características do contrato. O prazo (que non será inferior a 15 días ou 26 días se son obras ou concesión de obras públicas se non son harmonizados), de computarse do seguinte xeito:

- por ser procedemento aberto: dende o día seguinte á última das publicacións da apertura de licitación.

11.2.- Presentación de proposicións por correo. Cando as proposicións se envíen por correo postal ao Concello de Rianxo cumpriran os requisitos sinalados no artigo 80.4 do RXLCAP, debendo xustificarse a data de imposición do envío na Oficina de Correos, encargándose o licitador de anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo **epígrafe 7** do anexo I destes pregos. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación avisada via fax, esta non será admitida.

11.3.- Exame dos pregos. Previa á presentación da proposición, poderanse examinar os PCAP e o PPT nas dependencias da Secretaría do concello en horas de oficina, podendo obter cantas aclaracións fosen precisas así como copia destes previa petición por escrito (de non estar publicados no perfil do contratante)

11.4 Orixinais e copias. Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario da corporación, funcionario habilitado ou notario público, nas que se faga constar que se cotexaron cos seus orixinais.

CLÁUSULA 12. Contido das Proposicións



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



12.0- **CUESTIONS XERAIS.**

A) As proposición presentarase redactadas en galego ou castelán, e dentro de **sobres pechados** (que poderán ser lacrados e precintados) asinados polo licitador ou persoa que o represente (o incumprimento desta condición NON É EMENDABLE e suporá a inadmisión da proposición), e coa documentación esixida na Cláusula 12 deste PCAP. Os sobres pechados irán á súa vez incluídos noutro sobre ou paquete.

B) A presentación da proposición presume a aceptación incondicional por parte do licitador, do contido do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas sen reparo algún e supón a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na licitación.

C) As proposicións respectarán o modelo que estableza este PCAP e terán carácter segredo ata o momento da licitación.

D) Cada licitador non poderá presentar máis dunha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en UTE con outras empresas se o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha UTE. A contravención deste principio dará lugar á desestimación de tódalas proposicións presentadas nas que participe.

E) A **proposición deberá estar asinada polo empresario ou persoa facultada para elo**. A falla de sinatura será un defecto non emendable e producirá, como consecuencia, o rexeitamento desa oferta. Una vez entregada unha proposición, non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

12.1.- **SOBRE A: SUBTITULADO "DOCUMENTACIÓN".**

Conterá a seguinte documentación:

12.1. A) **Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa. Así mesmo, deberá acreditar a súa **capacidade de obrar** para a execución do obxecto a executar (acreditación profesional, relación de asalariados... vid cláusula 8 destes pregos)

A-2) Persoas xurídicas: Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), e escritura de constitución ou modificación de estatutos, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

A-3) Empresas comunitarias.

Terán capacidade de obrar as empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea que con arranxo á lexislación do Estado no que estén establecidas se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate (artigo 58.1 TRLCSP)

Acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado orixinario ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



A-5) Empresas non comunitarias. (artigo 55 TRLCSP)

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que correspondese ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

12.1 B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Por non tratarse dun contrato de obras non procede esixir que a empresa teña aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil (a sensu contrario do estipulado no art. 55.2 do TRLCSP).

12.1. C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse o poder notarial habilitante para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

12.1 D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) anterior, deberaos bastanteo previamente a secretaria da Corporación (previo pago polo licitador das taxas que correspondan), para o cal deberá por a súa disposición ditos poderes cando menos 2 días antes do fin do prazo de presentación de proposicións, non podendo garantirse o bastanteo de presentarse despois.

Admitirase o bastanteo efectuado por notario ou funcionario con atribucións asimilables, sempre que se expida relativo concretamente a esta licitación, no período de presentación das proposicións, e tendo en conta as limitacións previstas nos estatutos da entidade ou dos poderes outorgados, coa conseqüente responsabilidade.

12.1.E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades (73 do TRLCSP):

Declaración responsable de que o licitador non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 e 146 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

Don / Da _____, con DNI _____, e domicilio en _____, en nome propio / en representación da empresa _____ con CIF _____, DECLARA:
• Que nin o empresario, a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



coa Administración das establecidas no artigo 60 e 146 do
TRLCSF.

- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa
Seguridade Social.

Lugar, data e sinatura do licitador.

12.1. F. Acreditación de solvencia económica, financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para o servizo, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica-financiera de entre os medios aos que se refire o art. 75 do TRLCSF, e a solvencia técnica ou profesional de entre os sinalados no artigo 78 TRLCSF, unicamente polos que se indican no **epígrafe 5** do cadro de características do contrato.

12.1. G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSF e cláusula 8 deste prego.

12.1.H) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSF, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

12.1. I) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSF, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que nel figuren inscritos e poda verificar este concello, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de comprobar a súa exactitude ou vixencia .

No entanto, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no mencionado Rexistro e, en consecuencia, (*Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998*) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos no dito informe e que se correspondan cos esixidos nos apartados: A, B, C, D, E e F.1 sempre que os citados documentos estean vixentes e sexan suficientes para amosar a capacidade e solvencia.

En todo caso, os licitadores deberán acompañar declaración responsable de que as circunstancias que constan en ditos Rexistros non han sufrido variacións, tal e como dispón o artigo 146 do TRLCSF.

12. 1. J) Obrigas tributarias e coa seguridade social.

Axuntárase a certificación ou documento acreditativo de que o contratista está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Porén, os licitadores poderán achegar unha declaración responsable na que fagan constar que a empresa está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo de que antes da adxudicación o empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta, deberá presentar a xustificación acreditativa deste requisito (artigo 146 do TRLCSF).



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



12.1.k) *Pagamento do imposto de actividades económicas:*

O licitador aportará unha certificación ou recibo acreditativo do pagamento do imposto de actividades económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta ou, no seu defecto, declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que a empresa non está obrigada ao pagamento do citado imposto.

12.1.L) *Correo electrónico, de se-lo caso, para notificacións.*

De contar o licitador con correo electrónico avanzaránselle as notificacións que proceden mediante esa vía, con independencia da súa remisión por correo ou recollida en persoa, esta última a petición daquel, en tanto non se dispoña por este Concello de tramitación telemática en regra.

12.1 M) *Índice de documentos que integran o sobre.*

Figurará dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente (artigo 80.1. RXLCAP)

12.2. SOBRE B: SUBTITULADO "OFERTA ECONÓMICA"

12.2.1. Conterá a PROPOSICIÓN ECONÓMICA formulada estrictamente conforme ao modelo que figura como **anexo II** deste prego.

Non se terán por correctas nin válidas aquelas ofertas económicas que conteñan cifras comparativas ou expresións ambiguas, as que se presenten con emendas ou raspaduras que poidan inducir a dúbida racional sobre o seu contido, así como as que excedan do prezo de licitación; todo elo será considerado como defecto non emendable, producindo o rexeitamento da oferta.

No caso de non coincidir a suma do "importe neto" mais o "importe do IVE" co "importe total" presumirase que o "importe neto" é o ofertado, determinándose sobre este o IVE que corresponda.

Por outra banda, se a cantidade da proposición económica expresada en cifras e letra é diferente sempre se estará a esta última.

12.2.2.- Xustificación, se é o caso, de que a empresa conta cun número de traballadores **con discapacidade non inferior ao 2% da súa plantilla.**

12.2.3.- *Índice de documentos que integran o sobre.*

Figurará dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente (artigo 80.1. RXLCAP)

CLAUSULA 13. Garantías esixibles.

13.1. *Garantía Provisional:* Sendo potestativa a súa esixencia - en consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP- os licitadores prestaran a garantía provisional que se recolle no **epígrafe 9** do cadro de características, unha vez xustificada a súa esixencia de xeito suficiente polo órgano de contratación. En calquera caso, non será superior ao 3% do orzamento do contrato, excluído o IVE.

13.2. *Garantía Definitiva:* O licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa, será requirido polo órgano de contratación para prestar unha garantía do 5% do importe de adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

A garantía axustarase ao disposto nos artigos 95 e seguintes da TRLCSP e ao artigo 55 e seguintes do RXLCAP.

A **garantía definitiva** debe constituírse no prazo de 10 días hábiles dende que se efectúe polo órgano de contratación dito requirimento, ao abeiro do estipulado no artigo 151 do TRLCSP. De non cumprimentarse O dito requirimento e non constituír dita garantía definitiva, por causas imputables ao licitador, a Administración non efectuará a adxudicación ao seu favor, pasando a requirir ao licitador seguinte en oferta vantaxosa.



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



CLAUSULA 14. Apertura e exame das proposicións.

14.1. Cualificación dos documentos:

A) Apertura do Sobre "A"

Concluído o prazo de presentación de proposicións o Secretario da corporación emitirá certificado dos licitadores presentados.

Nota: No procedemento negociado sen publicidade se todas as empresas invitadas presentaran antes as súas ofertas (ou expresaran a súa renuncia a ilo) poderá adiantarse a emisión do certificado dos licitadores presentados e a apertura de sobres a ese momento.

Constituirase a mesa que se prevé no **anexo V** dos pregos (**publicada xunto aos pregos**), e incorporado o certificado anteriormente sinalado, e corresponderalle a esta a apertura dos sobres que conteñan a documentación xeral así como a cualificación da dita documentación, deixándose constancia de todo elo en acta.

B) Defectos ou omisións emendables.

De observar defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarase verbalmente aos interesados, ou de ser preciso dirixindo escrito vía Fax ou correo electrónico ao número/ dirección facilitado polos licitadores, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores emenden a dita documentación por rexistro e nese prazo.

C) Prazo de cualificación.

Non poderá mediar mais de 7 días dende a apertura do sobre A ata a apertura do sobre relativo aos criterios non avaliados automaticamente.

d) Admitidos e excluídos.

Unha vez cualificada a documentación do sobre A, e emendados no seu caso os defectos ou omisións advertidos, determinarase as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados no presente prego (solvencia económica e financeira e solvencia técnica), con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación e os rexeitados, indicando as causas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

e) De advertirse algunha determinación ou referencia explícita na documentación obrante no sobre A ao/s criterios a figurar no resto dos sobres, o dito licitador quedará excluído.

14.2 Apertura Sobre B.

O acto público da mesa celebrarase no lugar e día que se sinale no anuncio que para o efecto se publique no Perfil do Contratante do Concello de Rianxo, sen prexuízo de que antes, en acto non publico, a mesa verificara que os licitadores efectuaran as emendas requiridas pola mesa anterior, e acordara a cualificación definitiva dos admitidos e excluídos.

Aberto o acto publico darase conta de: as proposicións presentadas e nome dos licitadores segundo o certificado de secretaria, do resultado da cualificación previa dos documentos do sobre "A", dos defectos advertidos, emendas requiridas, e emendas efectuadas polos licitadores, concretando os licitadores admitidos e excluídos. Posteriormente, abrírase o **Sobre "B"** das proposicións que teñan sido admitidas.

A Mesa de Contratación avaliará os criterios de adxudicación contidos no Sobre B, de conformidade co previsto no Cláusula 15 deste PCAP.

Antes da adxudicación o órgano de contratación, ou a mesa de habela, poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos.



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



Finalmente valorará conxuntamente as ofertas presentadas, sumando os puntos obtidos por cada licitador nos diferentes criterios de adxudicación por orde decrecente, salvo as que se declararan desproporcionadas ou anormais (artigo 136 TRLCSP). No caso se que o único criterio sexa o prezo, a oferta economicamente mais vantaxosa entenderase que é a que incorpore o prezo mais baixo.

No caso de haber mesa corresponde a esta efectuar proposta de adxudicación ao órgano de contratación nos termos do paragrafo anterior.

14.3. Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, ou excedese do orzamento base de licitación, ou variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa ou polo órgano de contratación se non existise esta, en resolución motivada.

14.4. Renuncia do contratista:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución deste, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a adxudicación, c) antes da formalización do contrato, d) no mes da entrega, e) a recepción, etc.) faculta á Corporación para que proceda á incautación da garantía provisional si se esixira no caso a), e da garantía definitiva nos restantes sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

CLAUSULA 15. Criterios de adxudicación.

As ofertas serán valoradas de forma conxunta, ata un **máximo de 20 PUNTOS**, e de acordo co seguinte criterio:

(Criterio único): Menor prezo ofertado. VALORACIÓN: MAXIMO DE 20 PUNTOS, que se asignarán a proposta máis favorable e en proporción simple ao resto, en atención ás baixas ofertadas. O reparto dos puntos será **15 puntos para menor prezo ofertado para prestación de servizos en día normal** e **5 puntos para menor prezo ofertado para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local.**

Fórmula matemática:

- prezo ofertado para prestación de servizos en día normal

P_1 : prezo oferta para prestación de servizos en día normal 1

P_2 : prezo oferta para prestación de servizos en día normal 2

....

P_i : prezo oferta para prestación de servizos en día normal i

Mellor prezo ofertado para prestación de servizos en día normal = Mínimo ($P_1, P_2, \dots, P_i$)

A = prezo unitario para prestación de servizos en día normal - Mellor prezo unitario ofertado para prestación de servizos en día normal

a_1 = prezo unitario para prestación de servizos en día normal - P_1

a_2 = prezo unitario para prestación de servizos en día normal - P_2

.....



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



a_i = prezo unitario para prestación de servizos en día normal - P_i

Puntuación licitador i para prestación de servizos en día normal= $(a_i*15)/A$

- **prezo ofertado para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local**

T: prezo oferta para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local 1

T: prezo oferta para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local 2

....

T: prezo oferta para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local i

Mellor prezo ofertado para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local = Mínimo ($T_1, T_2, \dots, T_i$)

B= prezo unitario para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local - Mellor prezo unitario ofertado para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local

b_1 = prezo unitario para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local 1 - T_1

b_2 = prezo unitario para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local - T_2

.....

b_i = prezo unitario para prestación de servizos en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local - P_i

Puntuación licitador i para prestación de servizos en día domingo ou festivo estatal, autonómico ou local = $(b_i*5)/B$

Puntuación do criterio= **Puntuación licitador i** para prestación de servizos en día normal+
Puntuación licitador i para prestación de servizos en día domingo ou festivo estatal, autonómico ou local

Se o mellor prezo ofertado fose o orzamento máximo do contrato, entón a puntuación de todos os licitadores sería "a máxima puntuación".

Metodoloxía de valoración: De conformidade co sinalado no artigo 150.2 do TRLCSP, os criterios de adxudicación serán valorados pola Mesa de Contratación, de existir, e senón directamente polo órgano de contratación, previo os informes técnicos que se puideran precisar.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2% da plantilla) de acordo co establecido na disposición adicional 6ª da TRLCSP.

15.2. Baixas temerarias e ofertas desproporcionadas.

Para os efectos de determinar a existencia de baixas temerarias ou ofertas desproporcionadas, atenderase ao especificado no Anexo VIII.



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



CLAUSULA 16. Adxudicación.

16.1. Aportación da documentación previa á adxudicación: Determinada a oferta economicamente mais vantaxosa, o órgano de contratación requirirá a dito licitador para que no prazo de **10 días hábiles dende o seguinte ao requirimento**, achegue documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaria e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obtelas directamente (incluída acreditación do pago do IAE ou exención), así como declarar a disposición efectiva dos medios que se comprometera a adicar ou adscribir a execución do contrato conforme á cláusula 12, de se-lo caso, amén da constitución da garantía definitiva.

De non efectuarse axeitadamente en dito prazo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a recabar a mesma do seguinte licitador, polo orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

16.7. Adxudicación: Unha vez realizadas as actuacións anteriores, o órgano de contratación adxudicará o contrato no prazo de **5 DIAS HABILES SEGUINTE A RECEPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN**, en resolución motivada que deberá notificarse aos candidatos e publicarse no Perfil do Contratante do Concello de Rianxo coa información indicada no artigo 151 do TRLCSP, e nun e noutro se **indicará o prazo en que debe formalizarse o contrato**.

A notificación permitirá aos licitadores excluídos ou candidatos descartados coñecer as razóns do rexeitamento da súa proposición ou candidatura e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor, en prazo para a interposición do recurso regulado no artigo 40 do TRLCSP, de proceder (15 días hábiles dende a notificación do acto impugnado).

CLAUSULA 17. Formalización do contrato.

17.1. Prazo e xeito. A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase (agás recurso) dentro dos **15 días hábiles seguintes** a contar dende a data de notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos (156 TRLCSP)

Sen embargo, de ser posible a **interposición do recurso** ao que se refire o artigo 40 do TRLCSP, haberá que esperar o transcurso do prazo de **15 días hábiles** dende que se remitira a notificación da adxudicación sen interperse este con suspensión, e formalizarse no mais tarde dos 5 días seguintes, ao transcurso de aquel prazo. De igual xeito procederase se o órgano de contratación levanta a suspensión.

Cando por causas imputables ao contratista non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución deste.

17.2. UTE: Cando os licitadores concorreran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

CLÁUSULA 18. Responsable do Contrato.

De conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP, ostentará a condición de responsable do contrato o director do servizo designado como tal polo órgano de contratación, con funcións de supervisión da correcta execución da prestación.

Son funcións do nomeado como responsable do contrato:

- Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do traballo a impulso do Alcalde.



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



- Propor as modificacións que estime oportunas na execución dos traballos en orde a un mellor cumprimento do obxecto do contrato.
- Emitir as relacións valoradas e expedir as certificacións da labor realizada.
- Formular a liquidación da labor realizada.

CLAUSULA 19. Prazo de garantía. Liquidación e devolución

O prazo de garantía terá unha duración de SEIS MESES contado desde a finalización dos servizos.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a súa emenda.

O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, redactarase un informe sobre o estado do servizo polo responsable do contrato. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, sen prexuízo do disposto no art. 307 do TRLCSP procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, se é o caso, das obrigas pendentes aplicándose ao pagamento destas últimas o disposto no art. 216 do TRLCSP.

En calquera caso, reservándose a Administración o rexeitamento da prestación con exención da obriga de pago, ou dereito de recuperación do prezo satisfeito.

CLÁUSULA 20. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En calquera caso darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

CLÁUSULA 21. Obrigas e pagos esixibles ao contratista

O adxudicatario está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde no traballo.

En concreto, ao abeiro do artigo 70 da resolución de 25 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Emprego pola que se rexistra e publica o VI Convenio Colectivo marco estatal de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal, a empresa adxudicataria deberá subrogarse na contratación do persoal que á data de adxudicación do contrato preste os seus servizos para a empresa que ata ese intre execute o contrato. Para estes efectos inclúense no **Anexo IX a información relativa aos traballadores aos que afectaría a subrogación**.

Así mesmo, o adxudicatario deberá satisfacer os gastos de publicidade da licitación, os da adxudicación, e os que deriven, no seu caso, da formalización do contrato en escritura pública, os gastos que resultaren precisos para obtención de permisos, licencias, autorizacións e tributos necesarios para a realización material dos traballos.



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



CLÁUSULA 22. Execución do Contrato e Subcontratación

O contrato executarase con estricta suxeición ao disposto nestes pregos (artigo 305 do TRLCSP) e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ao contratista a Administración.

Na presente contratación **non será posible a subcontratación** da execución parcial do obxecto do contrato ao abeiro do disposto no artigo 227 do TRLCSP.

CLÁUSULA 23. Inspección e vixilancia

Corresponde ao Concello de Rianxo exercer dunha maneira continuada e directa a inspección e vixilancia do traballo contratado.

CLÁUSULA 24. Modificación do Contrato

Cómpre indicar que o artigo 22.2 do TRLCSP di: "Os entes, organismos e entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública..."

A Administración poderá modificar o contrato por razóns de interese público e para atender causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente, de acordo co establecido nos artigos 210, 219 e 305 do TRLCSP. En tales casos, estarase ao disposto nos artigos 156 e 219 do TRLCSP, sen prexuízo do estipulado no prego de prescricións técnicas.

CLÁUSULA 25. Responsabilidade do Contratista.

Será de conta do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requiran o desenvolvemento do contrato, conforme o determinado no artigo 214 do TRLCSP.

Especificamente, e de conformidade co artigo 305 do TRLCSP, o contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva, así como das consecuencias que se deduzan para a administración ou para os terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

CLÁUSULA 26. Valoración do servizo, recepción e forma de pago

1. De acordo coas previsións económicas realizadas a efectos de determinar o valor estimado do contrato, e que constan como documentación do expediente, fixéronse como importe estimado de horas o seguinte:

- * 795 horas normais/mes
- * 100 horas realizadas en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local /mes

Esto supón, aos prezos de licitación que se fixan na cláusula 5 destes pregos, un importe máximo total mensual de 9.936,00 €(IVE excluído) [(795 horas normais/mes*: 10,80 €/h(IVE excluído)+ 100 horas realizadas en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local /mes*13,50 €/h(IVE excluído)]

As horas de domingo ou festivo que polas necesidades do servizo non se esgotaran, poden compensarse por un número equivalente de horas normais (ao prezo de hora normal)

2. Establécese como **condición contractual** que o adxudicatario facturará o número de horas efectivamente prestadas (diferenciando entre hora realizada en día normal e hora realizadas en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local) multiplicado polo prezo de cada tipo de hora ofertado, **sen que a suma total supere os 9.936,00 € (IVE excluído)**. Ata a revisión de prezos fixada nos pregos, momento en que este importe [**9.936,00 € (IVE**



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral



excluído)]experimentará un incremento igual ao 85 % de variación do IPC conforme á cláusula 7 deste prego.

A Valoración dos traballos será o resultado de multiplicar as horas de servizo realmente efectuadas polo prezo hora ofertado que corresponda en función de se o día da realización é normal ou domingo ou festivo estatal, autonómico ou local, co límite da condición contractual establecida no parágrafo anterior. Aos importes sen IVE aplicarase o IVE que corresponda en cada momento.

3. Cando no desenvolvemento dos traballos, o responsable do contrato advirta defectos poderá recusar os que estime non satisfactorios. A recusación farase por escrito motivado e o contratista terá dereito a reclamar ante a administración no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao de notificación, cursada polo responsable do contrato.

4. As facturas que por mensualidades vencidas presente a empresa adxudicataria serán revisadas polo responsable do contrato, para o que poderá obter todos os datos necesarios que lle permitan conformar a factura.

CLÁUSULA 27. Penalidades

1) Penalidades por execución defectuosa: O Concello determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ao obxecto do contrato. Se a prestación non se atopase en estado de ser recibida, deixarase constancia nun Acta dos defectos advertidos e das instrucións ditadas e do prazo concedido para a emenda daqueles, requirindo ao contratista a realización das prestacións contratadas e arranxo dos defectos observados.

Se os traballos efectuados polo contratista non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, o Concello poderá rexeitar a prestación quedando exento da obriga de pago e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Transcorrido o prazo de emenda, se persisten as deficiencias, poderá optar o Concello entre a resolución do contrato ou a concesión dun novo prazo de reparación con aplicación dunha penalidade. Como regra xeral, a contía da penalidade será un 1% do importe de adxudicación do contrato (excluído o IVE), salvo que motivadamente o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Nestes casos a penalidade poderá alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente.

A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

2) Penalidades por demora na execución parcial ou total do contrato: O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisa intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista, por causas imputables a este, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, o Concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,20 € por cada 1.000,00 € do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

3) Normas xerais: As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se tivese constituído, cando non poidan deducirse das citadas cantidades.



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral

CLAUSULA 28. Causas de resolución.

Serán as previstas nos artigos 308 e 309 do TRLCSP, cos efectos previstos no artigo 223,224, 225 e 308, e conforme se estipula no procedemento aplicable.

CLAUSULA 29. Interpretación, modificación e resolución

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, con audiencia do contratista, e nos termos indicados na normativa. Ditos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Nos supostos a que se refire o artigo 40 da TRLCSP os interesados poderán interpoñer o recurso especial en materia de contratación con caracter previo ao contencioso, sen que proceda a interposición de recursos administrativos ordinarios contra os actos susceptibles de dito recurso especial.

Nesta licitación á vista do estipulado na normativa: **procede recurso especial.**

CLÁUSULA 30. Confidencialidade

Sen prexuízo das disposicións relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores do TRLCSP, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

Rianxo, xullo de 2012
O Alcalde Accidental
(R.A.386/2012)

Jose Carlos Gey Hermo

ANEXO I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.

0.1. DENOMINACIÓN DO SERVIZO	"SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMIA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXO".		0.2. CÓDIGOS (anexo II do TRLCSP) CPC 93 .- CPV: 85311100-3, 85311200-4, 85312000-9, 853112400-3,85320000-8.-	
0.3. TIPO DE PROCEDEMENTO	Aberto	0.4. TRAMITACION	Ordinaria	
1.REGULACIÓN HARMONIZADA	contrato non suxeito a regulación harmonizada (ao ser de categoría 25 do anexo II do TRLCSP)			
2.ORZAMENTO	Importe base da licitación(sen iva): 358.052,77€ Importe iva (4%): 14.322,11€ Prezo total: 372.374,88 € CONDICIÓN CONTRACTUAL VALORACIÓN TRABALLOS: o adxudicatario facturará o número de horas efectivamente prestadas diferenciando entre hora realizada en día normal e hora realizadas en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local multiplicado polo prezo de cada tipo de hora ofertado, <u>sen que a suma total supere os 124.124,96 € (IVE excluído). Ata a revisión de prezos fixada nos pregos (cláusula 7)</u>			



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



3. FINANCIAMENTO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Financiamento: cofinanciamento municipal e doutras Administracións Públicas.	231/227/99
4.1. PRAZO EXECUCIÓN	24 MESES (cómputo en 730 días naturais).	4.2. PRÓRROGA: si, por 12 meses
5. CLASIFICACIÓN/ ou xeito de acreditar a solvencia de non requirirse a clasificación ATENCIÓN: Aqueles licitadores que contén con clasificación ou están inscritos nos rexistros de licitadores e empresas sinalados na cláusula 12 do presente prego, presentaran certificado ao obxecto de acreditar a solvencia económica, financeira e técnica (sempre que se refira ao tipo de obras obxecto de licitación). Así mesmo, achegaran <u>declaración responsable de non producirse variacións respecto do reflectido en ditos certificados.</u>	Clasificación (de ser superior a 120.000€): NON PROCEDE (de conformidade co sinalado na disposición transitoria 5ª da LCSP, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica ou financeira e técnica ou profesional, en pro de garantir a máxima concorrencia posto que a clasificación deste tipo de contratos sociais non está prevista de xeito específico no Regulamento Xeral da Lei de Contratos, e existen Acordos que entenden que debido a dito motivo, non procede esixila (acordo da Comisión Permanente da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Baleares, en Informe 3/09, de data 30 de outubro de 2009). Acreditarase a solvencia polos seguintes medios: A) Solvencia Técnica: relación dos principais servizos ou traballos realizados nos derradeiros 3 anos que indique importe, datas e o destinatario público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante <u>certificados expedidos ou visados polo órgano competente</u> , cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falla deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Aportaranse cando menos 3 certificados. B) Solvencia económica e financeira: Unicamente mediante <u>declaración apropiada de institucións financeiras</u> no que se faga constar claramente que dito contratista para este servizo que se licita dispón da solvencia económica e financeira precisa para levalo a cabo.	
6. LUGAR PRESENTACIÓN OFERTAS	REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE RIANXO (Praza de Castelao s/n)	
7. PRAZO PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	15 DIAS HÁBILES A CONTAR DENDE O SEGUINTE AO DA ÚLTIMA PUBLICACIÓN (	
8. PERFIL CONTRATANTE	8.1 Dirección paxina web www.portelo.rianxo.com 8.2 Publicación de adxudicación: perfil do contratante, BOP e DOG	
9. GARANTÍAS	Provisional: dispensada Definitiva: 5 % do importe da adxudicación, IVE excluído.	
10. TAXAS DO CONTRATO	_____	
11. REVISIÓN DE PREZOS	SI, sendo a fórmula de revisión a aplicar: o 85 % de variación do IPC por anos naturais a partir do ano seguinte ao data da sinatura do contrato.	
12. CONTROL DE CALIDADE	Segundo prego de cláusulas	
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS EN PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	1.000,00€	
14. OUTROS DATOS:	- Información Teléfono981 860075 - Lugar onde se poden obter copias do Prego: OFICINAS XERAIS – PRAZA CASTELAO S/N. Nos anexos do prego indícanse de preverse: mesa de contratación e comité de expertos.	

ANEXO II : MODELO DE PROPOSICIÓN

D/Dª _____ con domicilio en _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____
_____ con D.N.I. (ou pasaporte ou documento que o substitúa nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____ D.N.I ou
C.I.F. nº _____ - e con domicilio en _____
nº _____ teléfono _____) toma parte no procedemento negociado para a



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



adxudicación do SERVIZO DE: "AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMIA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA, NO CONCELLO DE RIANXO", para cuxos efectos fai constar:

- I. Que coñezo o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas aprobados polo Concello, e os seus respectivos anexos que van rexer este contrato, e o resto de documentación contractual, que expresamente asumo e acato na súa totalidade, sen ningunha salvedade.

Para os efectos da súa xustificación acreditativa e de resultar proposto para a adxudicación, comprométome a presentar antes da adxudicación e no prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde que así se me requira:

- Certificación positiva emitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou Delegación de Facenda competente.
- Certificación positiva emitida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia ou Delegación Provincial da mesma competente.
- De estar obrigado ó seu pagamento, presentación da alta e, no seu caso, do último recibo do Imposto de Actividades Económicas.
- Certificación positiva emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- II. Que, xunto con esta proposición económica, presento a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

- III. Que me comprometo a realizar o obxecto deste contrato de servizo ofertando os seguintes prezos:

Tipo de hora	Prezo ofertado (IVE EXCLUIDO)	Prezo unitario máximo (IVE Excluído)
Hora normal	a) en número b) en letra	€/hora
Hora en domingo ou festivo estatal, autonómico ou local	a) en número b) en letra	 €/hora

- IV. Que me comprometo tamén á execución do contrato con suxeición aos pregos aprobados, aos textos legais que o rexen, sen que en ningún caso o importe facturado por as horas efectuadas por prestación do servizo mensual **supere os€ (IVE excluído)**. Ata a revisión de prezos fixada nos pregos, momento en que este importe experimentará un incremento igual ao 85 % de variación do IPC nos termos indicados nos pregos.

- V. Que coñezo o contido da cláusula 21 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares respecto da **subrogación dos traballadores da empresa saínte**, conforme ao Convenio marco estatal regulador, e acepto esta.

- VI. En, o de de 2012

Asdo.:

NIF:



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaria Xeral



ANEXO III: MODELO DE SOBRE

☐ A. DOCUMENTACIÓN

(1) ☐ B. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación dos servizos de (2)

presentada por _____

Teléfono _____

Fax _____

Nº Rexistro Contratistas _____

Dirección de correo electrónico _____

_____, de _____ de _____ 201....

- (1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.
- (2) Indicar o título do contrato

ANEXO IV: ASPECTOS OBXECTO DE ADXUDICACIÓN

Criterios de Adxudicación	Valoración
MENOR PREZO OFERTADO	20 puntos (15 puntos máximo para o mellor prezo hora normal e 5 puntos máximo para o mellor prezo hora domingo ou festivo estatal, autonómico ou local)
PUNTUACIÓN MÁXIMA	20 PUNTOS.

ANEXO V: MESA DE CONTRATACION.

A Mesa de Contratación, estará formada por:

1. O Alcalde do Concello, ou en suplencia a concelleira-delegada de Servizos Sociais que actuará como Presidente da Mesa.
2. A Secretaria Xeral municipal que actuará como Vogal, e tamén como Secretaria da Mesa.
3. A Interventora Xeral municipal, que actuará como Vogal.
4. O 1º Tenente de Alcalde, en suplencia a concelleira delegada de Facenda.
5. A traballadora social municipal responsable do servizo, Dª Rosa Maria Rey Romay.
6. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, ou en suplencia o vicevoceiro.



Dilixencia: Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 393/2012, do 13 de xullo.
A Secretaría Xeral

ANEXO VI. COMITE DE EXPERTOS

Non hai comité de expertos.

ANEXO VII. CONCRECIÓN DA SOLVENCIA

Non se esixe concreción da solvencia

ANEXO VIII. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Atenderase a súa determinación regulamentaria.

ANEXO IX. TRABALLADORES A EFECTOS DE SUBROGACIÓN (cláusula 21 PCAP)

Relación de traballadores da empresa e custos:

AUXILIAR	HORAS SEMANA	ANTIGÜEDAD	TIPO CONTRATO	COSTE SALARIAL MES
1	18	18/11/2010	Indefinido	650,29
2	24,25	05/03/2010	Obra o Servicio	890,35
3	24	30/12/2008	Obra o Servicio	898,42
4	24,5	07/01/2009	Obra o Servicio	917,88
5	27,25	12/11/2009	Obra o Servicio	1000,54
6	30	02/07/2008	Indefinido	1147,55
7	5,5	11/12/2010	Temporal	67,58
8	Jornada completa	02/02/2011	Temporal	1458,25
9	23	03/08/2011	Temporal	844,8
TOTAL				7875,66

O Alcalde Accidental
(R.A.386/2012)

Jose Carlos Gey Hermo

DILIXENCIA.- Que estendo eu, Secretaria Xeral do Concello, para indicar que o presente Prego de cláusulas, cos seus anexos, está composto de 21 folios, numerados e rubricados por min.

Rianxo, xullo de 2012

A Secretaría Xeral

Carolina Costoya Pardo

